

ReMesa

A M E S A I N F O R M A

EN GALEGO: TODOS OS DIAS, A TODAS AS HORAS

Desde a Plataforma polo Ensino en Galego, formada pola MESA, Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, Comisións Obreiras, Confederación Intersindical Galega, Nova Escola Galega e Sindicato dos Traballadores/as do Ensino de Galicia, puxemos en marcha unha campaña que, baixo o lema *Todos os días, a todas as horas, en galego*, presenta unha serie de propostas para darlle un pulo á cuestión da normalización lingüística no ensino.

A proposta, dirixida a Claustros de Profesorado, Asociacións de Nais e Pais, Asociacións de Alumnado e Persoal non Docente, inclúe unha serie de medidas e ideas que afectan á elaboración do PEC e do PCC dos centros e que fan referencia tanto á consideración do galego como lingua de uso normal nas relacións e no labor docente como á inclusión de contidos nitidamente galegos en todas as áreas do curriculum; insistimos máis unha vez no cumprimento ineludíbel do decreto 247/1995, entendido como un paso máis cara á consecución dun sistema educativo galego plenamente normalizado, e propoñemos a utilización de nomes referentes á nosa cultura para designar os distintos espazos dos centros (aulas, salón de actos, etc), como unha medida que contribúa a dar unha certa ambientación normalizadora.

Enviamos-vos un tríptico da campaña no que se recollen estas cinco propostas para que as dinamicedes dentro das comunidades escolares coas que teñades relación.

Sentenza sobre o decreto de isención

No pasado mes de novembro o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza emitiu unha sentenza na que lle daba a razón ao recurso presentado pola Plataforma polo Ensino en Galego e anulaba o artigo 4 do decreto 79/1994 sobre isención da disciplina de Lingua Galega no ensino primario e secundario.

O devandito artigo, que facía referencia á posibilidade de isención para alunas e alumnos con deficiencias, especialmente auditivas, supuña o punto máis irracional e disparatado do decreto, aspecto que se confirma agora coa anulación do TSXG, que o cualifica na sentenza como "absurdo e incom-

presible" ao tempo que destaca o ilóxica que resulta esta consideración diferenciada que afecta á lingua galega e non a outras materias, mesmo de idiomas.

A MESA recibía con satisfacción esta sentenza que resultaba moi importante para o afianzamento do noso idioma no ensino pois o artigo anulado, que xa no seu momento suscitou unha intensa polémica e fortes críticas, supuña a apertura dunha vía perigosa de opcionalización da materia de lingua galega por parte da Consellaría que cuestionaba así o seu carácter de materia de estudo obrigatorio.

A Consellaría insiste e recorre

A Consellaría de Educación, desoíndo as razóns do Tribunal, apresentou un recurso de casación ante o Tribunal Supremo, co que establece un novo atranco para a incorporación da nosa lingua ao sistema educativo ademais nun intento de reafirmar a vella tentación de cuestionar a obrigatoriedade da materia de Lingua e Literatura Galega. Non é máis que un novo paso na habitual liña de entorpecimento do avance social do noso idioma á que a Consellaría nos ten acostumbrados.

Queremos a verdadeira integración

No referente ao artigo 1º do citado decreto, que tamén fora recorrido pola Plataforma, o TSXG reconece o dereito a isención ás alunas e alumnos

procedentes de fóra do noso país. Aínda aceptando esta decisión, consideramos inaxeitadas e totalmente fóra de lugar as valoracións e expresións que utiliza o TSXG no texto da sentenza ao cualificar de dogmáticas e intransixentes neste punto ás organizacións que presentaron o recurso.

A nosa postura contraria á concesión de isencións ao alumnado procedente de fóra do noso país non se fundamenta na negativa á súa integración, senón na necesidade de buscar medidas e programas reais de integración e adquisición da nosa lingua, obxectivo que non se está a conseguir coa concesión de isencións na cualificación da materia. A nosa proposta de demandar o deseño e posta en marcha doutro tipo de medidas integradoras supón unha postura distinta e lexítima que abre unha vía á integración real de alumnado foráneo, moi distante de calquer posicionamento dogmático.



MODIFICACIÓNS NA NOSA BASE DE DADOS

Coa intención de adecuar a información dos nosos sócios e sócias ás novas seccións que se foron criando na MESA, fixemos unha modificación da nosa base de datos introducindo novos campos: data de nacemento, número de fillos e fillas e data de nacemento destes, estudos, profesión e traballo. Esta modificación pretende mellorar o funcionamento da organización e a nosa relación cos sócios e sócias, polo que vos pedimos que completedes esa información na ficha que aparece neste boletín e que no-la enviades. Podedes aproveitar para actualizar cambios de enderezo, de traballo ou de datos bancarios, o que facilitará o cobro dos recibos e o envío do boletín, así como engadir calquer suxestión ou idea que contribúa a mellorar a nosa comunicación cos sócios e sócias. É posíbel que coas modificacións realizadas se produzan algúns desaxustes; no caso que detectedes algún erro nos vosos datos, agradeceríamovos que nos chamasedes.

Novos números: Telf: (981) 563885 / 560566 -Fax: (981) 583782

Problemas no cobro das cuotas

Como é habitual, no mes de xaneiro procedemos ao cobro das cuotas anuais da MESA. Todos os anos temos problemas para cobrar un importante número de recibos (o ano pasado foron 335), o que supón un grave problema para as previsións económicas da organización xa que, ademais do diñeiro que deixamos de ingresar, a emisión e devolución dos recibos supón un volume considerábel de gastos bancarios (360 pta cada un). Deste xeito, o ano pasado deixamos de cobrar recibos por valor de 1.604.000 pesetas, ao que lle hai que engadir uns gastos de xestión por valor de 120.600, que saen dos fondos da organización. Se engadimos os gastos varios que se producen ao intentar aclarar a razón da devolución, a cifra total de perdas a respecto das previsións feitas achega-se aos 2.000.000 de pesetas.

A este problema hai que engadir a dificultade que supón cobrar o recibo dos sócios e sócias que non teñen domiciliada a cuota. En

resumo, a cantidade total que deixamos de cobrar supón importantes desaxustes nas previsións anuais da organización e a imposibilidade de desenvolver moitas das actividades proxectadas.

Por esta razón, consideramos de vital importancia que fagades un esforzo por actualizar os datos e por domiciliar a cuota se aínda non o fixestes.

Un único boletín por casa

Na anterior asemblea xeral de sócios e sócias fixo-se a proposta de que, no caso de que houberse varios sócios cun mesmo enderezo, enviásemos un só boletín para todos, o que supoñería un aforro na edición e no envío postal. Por esta razón, introducimos esta opción na nova base de datos. Se estades no caso e desexades seguir recibindo tantos boletíns como sócios poñede-vos en contacto co noso local de Santiago.

Novos carnés

Estamos preparando o envío de novos carnés de sócios e sócias, coa información actualizada. Sodes moitos os que os estades pedindo, sobre todo pensando na súa utilidade para facer uso das ofertas dos comercios da *ReMesa*. Estamos agardando a rematar a actualización de datos e esperamos poder enviá-los co próximo boletín.

Anos de boletín

Ademais de actualizar a base de datos, imos actualizar tamén a numeración do noso boletín. É un bo exercicio de memoria e de arquivo. Desde o nacemento da MESA, levamos editados 30 boletíns informativos, os 5 últimos xa baixo o formato e nome de *ReMesa*. Son xa once anos de boletíns. Esperamos que haxa máis, nos que poidamos contar coa vosa colaboración e nos que poidamos ir dando cada vez máis boas novas e máis parabéns.

AMPLIACIÓN OU RENOVACIÓN DE DADOS / NOVO SÓCIO OU SÓCIA

NOME:	APELIDOS:	
CARNÉ DE IDENTIDADE:	DATA DE NACIMENTO:	
ENDEREZO:		
CÓDIGO POSTAL:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:
TELEFONE DA CASA:	FAX DA CASA:	CORREO ELECTRÓNICO:
PROFISIÓN:		
TRABALLA COMO:	CARGO OU POSICIÓN:	CENTRO DE TRABALLO:
TELEFONE DO TRABALLO:	FAX DO TRABALLO:	CORREO ELECTRÓNICO-TRABALLO:

TEN FILLOS: SI NON

DADOS DOS FILLOS/AS:

NOME:	APELIDOS:	DATA DE NACIMENTO:
NOME:	APELIDOS:	DATA DE NACIMENTO:
NOME:	APELIDOS:	DATA DE NACIMENTO:
NOME:	APELIDOS:	DATA DE NACIMENTO:

D A D O S B A N C Á R I O S :

CUOTA MÍNIMA ANUAL DE 2.000 PTA (ESTUDANTES E PARADOS)

CUOTA MÍNIMA ANUAL DE 5.000 PTA

CUOTA ANUAL DE PTA

NOME DA ENTIDADE:

SUCURSAL DE:

ENTIDADE SUCURSAL D.C

NÚMERO DE CONTA:

ENVIAR A: A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA – APARTADO 247 – 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA

VOLVEMOS PROPOR-LLE Á XUNTA UNHA NOVA POLÍTICA LINGÜÍSTICA

Ante a ausencia total de contidos e liñas de actuación en materia de política lingüística no discurso do presidente da Xunta de Galiza para a presente lexislatura –o que demostra claramente a falta de interese e a incapacidade de programación e xestión da súa equipa de goberno neste tema– desde A MESA enviamos-lle unha proposta de dez puntos mínimos sobre os que comezar a traballar e que recollen vellas aspiracións da nosa organización.

Insistimos máis unha vez na absoluta necesidade de criar unha Viceconsellería de Política Lingüística, dependente da Presidencia, con representantes en cada consellería, que permitiría unha maior capacidade de actuación horizontal sobre o entramado da Xunta e unha mellor coordinación entre a administración e os sectores sociais que se relacionan con ela. O tipo de organización

que se mantivo até o de agora, coa DXPL dentro da Consellería de Educación, limita tanto na teoría como na práctica as súas capacidades de actuación e supón un atranco para deseñar o plano xeral efectivo de política lingüística que o idioma precisa.

Están tamén presentes outras demandas tan importantes como as que pasamos a sintetizar:

* a necesidade de delimitar o que é a política lingüística (diferenciando-a da política cultural);

* asumir a realidade sociolingüística do país;

* deseñar un plano xeral de normalización lingüística que afecte de maneira coordinada a todos os campos de uso e que inclua obxectivos, liñas de traballo e mecanismos de avaliación de resultados;

* control e mellora na xestión dos orzamentos do idioma para evitar que se desvien a outras actividades nas que a promoción do noso idioma non é o principal obxectivo;

* capacidade de anticipación e iniciativas propias;

* superación da actual liña de regulamentación bilingüista que se marca como obxectivo o chamado *bilingüismo harmónico*;

* formación de técnicos de normalización lingüística especializados;

* ademais, inclúense demandas para avanzar no proceso de normalización lingüística no ensino, na empresa e o comercio, nos medios de comunicación, na xente nova, etc.

CAMPAÑA DE REBAIXAS EN COLABORACIÓN CO CONCELLO DE SANTIAGO

Desenvolvemos unha campaña na capital de Galiza coa finalidade de continuar sensibilizando ao mundo comercial, historicamente reacio ao uso do noso idioma. Para iso, distribuimos, en colaboración co Concello de Santiago, cartaces a toda cor co lema “Rebaixas” que tiveron unha enorme aceptación polo seu atractivo deseño.

Os cartaces, que utilizan de fondo imaxes da cidade, do fotógrafo Xan G. Muras, foron realizados en dous formatos distintos (3.000 verticais e 1.500 horizontais). Trátase dun pequeno xesto simbólico que permite reflexionar sobre o positivo de introducir o galego na publicidade comercial.



Universos paralelos

No mes de decembro a Dirección Xeral de Política Lingüística apresentou unha campaña dirixida aos nenos e nenas baixo o lema “En galego, cos cinco sentidos”. Durante a presentación da campaña as autoridades indicaron que o decreto que regula o uso do galego no ensino está a cumprirse en todos os centros educativos e que non é certo que haxa un retroceso no uso do galego, que esa afirmación responde a unha interpretación errónea do Mapa Sociolingüístico; o único que ocorre é que decrece o número de persoas monolingües (en galego, non en castelano) e hai cada vez máis persoas bilingües.

Un bo exemplo desa realidade son os tres fólíos nos que a empresa encargada da realización da campaña, Maxan Publicidad, fai un resumo dos seus obxectivos e contidos. Un dos

obxectivos da campaña é “crear un clima de coñecemento do galego dende actitudes pausadas, favorecendo o bilingüismo, non imponéndoo”. E como mostra desa liña de promoción do bilingüismo podemos atopar no texto, que supostamente está en galego, frases como “La Xunta de Galicia, a través da Consellería de ...”, “é preciso o coñecemento de la lingua galega”, “crear un clima axeitado cara á lingua gallega” ou “estrategias de comunicación”, entre outras moitas cousas. Finalmente resume-se a campaña con dúas frases “Los cinco sentidos ó servicio do galego” e “O ensino en gallego cos cinco sentidos”. Debe de ser outro exemplo do chamado “bilingüismo harmónico”. Por certo, a campaña durou 26 días e custou 25 millóns, o total do orzamento da MESA nos tres últimos anos...

SEGUIMOS A VOLTAS CO CINEMA

Queremos os filmes de Disney en galego...

O galego Xavier Vasallo, director de Buenavista para o Estado español (a distribuidora de filmes de Disney) realizou unha serie de declaracións a un xornal galego a principios de novembro pasado sobre a posibilidade de dobrar os seus filmes ao noso idioma, nas que se salientaban as seguintes ideas:

1)– É plenamente factíbel a distribución de filmes no noso idioma.

2)– Posto que a cuota de mercado dos filmes de Disney xa está garantida coas cópias en castellano, debería ser a Administración autonómica quen correra cos gastos de dobraxe e distribución (do mesmo xeito que fan en Catalunya). Xavier Vasallo asinalou que “agardamos que sexa a mesma Xunta de Galiza a que dea ese paso, se está realmente interesada na promoción do galego”.

3)– O director de Buenavista para o Estado español lembrou que a cuestión de distribuír os filmes de Disney no noso idioma lle foi formulada

por Mocidade pola Normalización Lingüística.

Fomos intermediarios pola deixadez da Xunta

Entendemos que o noso papel de mediación entre a Xunta e Disney está rematado. Agora toca-lle ao goberno autonómico aproveitar as xestións que nós lle damos feitas.

A MESA está disposta a funcionar como intermediaria para incorporar o noso idioma a novos usos sempre que a Administración autonómica continue a pór de manifesto a súa desidia en promocionar o galego.

Distribuímos folletos na estrea de Hércules

A finais de novembro e durante o mes de decembro centramos os nosos esforzos en informar á cidadanía de que os filmes de Disney non os temos no noso idioma porque a Xunta non quixo.

Así, con motivo da estrea do último filme da Disney na Coruña, en Santiago e en Vigo, mozas e mozos da nosa organización distribuíron folletos informativos á entrada das salas de cinema

en que se estreou.

...Pero tamén queremos máis filmes no noso idioma

Se ben os filmes da Disney estiveron como eixo da nosa campaña, pois son un caso paradigmático da inoperancia xuniteira, nunca os tivemos como o alfa e o omega das nosas aspiracións.

En *Mocidade pola Normalización Lingüística* demandamos unha política de introdución do noso idioma nos máis diversos filmes, especialmente, os dirixidos a un público infanto-xuvenil.

A Xunta de Galiza, inundada de instancias que demandan unha política de introdución do galego no cinema

Comezamos entregando cinco instancias diarias no Rexistro da Xunta, pero fomos subindo esta cantidade até chegarmos ás 100 instancias que agora estamos a entregar cada día.

A Dirección Xeral de Política Lingüística responde por carta a todas estas demandas que veiculiza a nosa organización. Na resposta, lava-se

as mans dicendo que non é da súa competencia... Estamos ante unha consciente tomadura de pelo á cidadanía galega.

Manifesto da “Mocidade polo galego no cinema”

Organizacións estudantis (CAE, CAF, CAMAE, CAMEM, MEU e UBRE), culturais (ATA-ROA e Os Tres Castros) e as mocidades de formacións políticas (Esquerda Nova, Galiza Nova, Mocidades de Izquierda Unida e Mocidades do Partido Comunista Galego) ou sindicais (CIG-Mocidade, Departamento de Xuventude de UXT-Galiza e Mocidades do Sindicato Labrego Galego), apoiaron un manifesto redixido e difundido por Mocidade pola Normalización Lingüística, no que se asinalaba a máis que precaria situación do galego na industria do celuloide e se reclamaban medidas por parte da Xunta para corrixir esta situación.

O manifesto e mais os apoios que recibiu enviámonos-llos ao Presidente da Xunta, o Director Xeral de Política Lingüística e o Conselleiro de Cultura.

PLATAFORMA DO ALUNADO POLA GALEGUIZACIÓN DO ENSINO MÉDIO

Vén de constituír-se unha plataforma para dar voz ás reivindicacións estudantis de cara á galeguización do ensino médio. Formá-na, até o de agora, os Comités Abertos de Estudantes, Esquerda Nova, Galiza Nova e as Mocidades de Izquierda Unida, funcionando como promotora e coordinadora Mocidade pola Normalización Lingüística.

Foi esta plataforma a que finalmente enviou unha carta ás/aos representantes estudantis nos consellos escolares dos institutos de toda Galiza, tanto para convidá-los a incluíren un apartado de normalización lingüística nos seus PECs como para informá-los brevemente da situación das equipas de normalización nos centros.

Na presentación desta Plataforma demos a coñecer uns datos do informe *O Rendemento Escolar en Galicia*, elaborado por unha equipa investigadora da Universidade de Santiago e aprobado en



pleno polo Consello Escolar de Galiza. Entre as estatísticas que puxemos de relevo, salientaba unha que dicía que en BUP e COU só un 5% do estudiantado asegura empregar “moito” o galego nas aulas. Ou sexa, que o noso idioma é unha excepción nestes graus do ensino.

A consellaría de Educación desmente os datos que ela mesma edita

Sen deixar-se levar pola preguiza que caracteriza o funcionamento da Consellaría de Educación noutros aspectos, enviou de seguido unha nota aos medios de comunicación desmentindo estes datos. Desde a Plataforma do Alunado lembramos-lle a Celso Currás –Conselleiro de Educación e Presidente do Consello Escolar de Galiza– que el asinaba a “apresentación” deste informe, que a súa propia Consellaría se encargou de editar.

A Universidade camiña para atrás...

Ainda en outubro do ano que acabamos de despedir, o feito de que unha aluna fixer unha pregunta en galego a un profesor da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela (USC) mereceu respostas despectivas por parte do docente en cuestión.

Desde Mocidade pola Normalización Lingüística colaboramos nos actos levados a cabo pola Plataforma por unha Universidade Normalizada (PUN) en apoio a esta rapaza e en protesta pola actitude dese profesor.

Así, participamos na manifestación convocada pola PUN e que reuniu a case 3.000 persoas o pasado 17 de decembro en Santiago. Ao rematar a mobilización, leu-se un manifesto no que se solicitou a aplicación plena do Regulamento do Uso do Galego aprobado no seu día pola USC, que responsabiliza aos órganos de goberno do seu cumprimento. Tamén se demandou un maior dotamento (en orzamento e persoal) do Servizo de Normalización Lingüística e a creación de prazas de profesorado con perfil lingüístico.

...Coa axuda do Ministerio de Uniformización

Un decreto do Ministerio de "Educación" do pasado mes de novembro –dentro da liña de desprezo á realidade plurilingüe do Estado español que segue o PP gobernante– elimina a opción de elixir unha segunda lingua nas filoloxías, impondo a lingua e a literatura castellana. Deste xeito, o alunado de Filoloxía Galega terá obrigatoriamente nos seus planos de estudo lingua castellana, pero a/o estudante de cal-

quer outra filoloxía poderá rematar a súa carreira sen cursar a lingua e a literatura de Galiza nen un só cuadrimestre.

Con todo, un apéndice deste Decreto asinala a posibilidade de que se oferte/n outra/s lingua/s, polo que apelamos ás autoridades académicas das universidades galegas para corrixir no posíbel esta discriminatória situación, engadindo a lingua e a literatura da Galiza.

PARABÉNS

Iguana musica

Se ben esta publicación comezou utilizando o castellano en exclusiva, despois dunha protesta de Mocidade pola Normalización Lingüística, os seus contidos están en galego en ben máis dun 50%. Ademais, a distribución do galego é uniforme en todas as seccións desta revista que fala de música e xente nova.



Pedimos un cambio total de orientación na Académia Galega

Enviamos-lle unha carta persoal aos dezanove académicos e académicas de número da Académia Galega manifestando-lles a urxente necesidade de abrir un proceso de reflexión que permitira que, a partir da escolla do novo presidente –Francisco Fernández del Riego– se abrixa unha nova etapa que supoña un cambio total na súa orientación tanto a nivel interno como na súa proxección exterior.

Unha Académia de costas á sociedade

A Real Académia Galega vive totalmente allea ao proceso de normalización lingüística, chegando até o extremo de non ser quen de incorporar o uso do galego con normalidade nen sequer nas súas actividades. Así, continúan a utilizar o topónimo deturpado da cidade herculina nalgunhas das súas

publicacións e correspondencia e resulta frecuente o uso do castellano na atención ao público.

Novos proxectos

Nas súas primeiras declaracións logo de ser nomeado presidente da Académia, Fernández del Riego recoñecía a necesidade do cambio que, de contar con maior dotación económica, se había materializar na apertura de novas seccións e nun maior achegamento da Académia á realidade social do idioma. Esperamos que a noticia do peche do Seminario de Sociolingüística, logo desmentida pola Académia, quede nunha falsa alarma e pronto nos anuncien novos proxectos e a continuidade dos estudos sobre os datos do Mapa Sociolingüístico de Galiza.

Telefónica: a liña comunica...

Malia á campaña de protesta promovida desde A MESA e ás queixas que seguimos remitindo-lle á empresa, Telefónica non mudou a súa decisión inicial de obrigar ás persoas que queiran recibir as facturas e comunicacións en galego (o mesmo que nas outras *linguas de segunda* do estado) a solicitá-lo expresamente e mesmo se nega a atender en galego ás usuárias e usuários que así o demandan a través dos servizos 003 ou 004, alegando que estes se atopan centralizados en Madrid.

A MESA considera inadmisíbel esta argumentación e coida que ten que ser a empresa, nun esforzo por achegar-se ás súas e aos seus clientes –e non ao contrario–, a que solucione o problema, sexa habilitando servizos de atención desde Galiza ou contratando persoal que poida dar este servizo en galego desde o lugar onde a empresa o sitúe. En calquer caso, non é un problema das galegas e dos galegos, senón da empresa, que a persoa que atende o servizo estexa en Madrid.

004: licéncia para chamar

Este é o telefone gratuito de atención persoal ao cliente de Telefónica. Sería bo que todas as persoas con consciencia lingüística chamasen para esixir desta empresa un respecto aos dereitos da nosa comunidade idiomática.

Seguimento puntual

Desde A MESA facemos-lles chegar periodicamente todas as queixas que detectamos ou que vós nos comunicades con referencia ao uso do galego en distintos servizos: buscas, caixa de voz dos portátiles, servizo 004, rotulación

nas cabinas, etc. Eles comunican-nos por escrito a que departamentos remitiron a orde de solucionar a discriminación denunciada. É importante que, ademais de manifestar a vosa demanda ao 004, nos fagades chegar as protestas ou os posibles cambios que detectedes para dispoñermos de información puntual.

O atendedor automático en galego

Co novo servizo de atendedor automático que acaban de incorporar nas liñas, Telefónica continua a dar-lle ao noso idioma o trato de segundón que A MESA vén denunciando nos últimos meses. O novo atendedor funciona inicialmente en castellano e, para poder dispor do servizo en galego, hai que sentar, co manual do usuario na man, e seguir toda unha serie de indicacións. A diferenza é evidente: para activar o servizo en castellano abonda con premer catro teclas.

Desde o boletín facemos un chamamento para que, se activades o servizo, fagades uso desa opción de selección de idioma e para que manifestedes a través do 004 a vosa protesta ante esta nova discriminación.

Entrevistamo-nos co director de Retevisión

Representantes da nosa organización entrevistaron-se en datas pasadas co director de Retevisión en Galiza para coñecer cales son as intencións da empresa no referente ao uso do noso idioma nas actividades da compañía e indicar-lle a necesidade de que teñan en conta a lingua da poboación á que

van dirixir as súas actividades.

Como ocorre con moitas empresas de fóra cando realizan os estudos de mercado previos ao lanzamento dunha campaña, Retevisión nen sequer reflexionara sobre a incidencia que o uso do noso idioma pode ter para a súa empresa (lembramos os positivos datos que se desprenden do informe *Publicidade e lingua galega*, publicado polo Consello da Cultura).

Retevisión manifestou-se receptiva

O director desta empresa mostrou-se altamente interesado sobre o tema e solicitou-lle á MESA un informe escrito detallando aqueles aspectos nos que, ao noso xuízo, a empresa debe considerar o uso da lingua galega.

Este informe xa foi entregado e agora estamos á agarda de que sexa tomado en consideración. A empresa acaba de facilitar un número de información gratuito que podeades utilizar para apoiar a nosa demanda: é o 015.

Telefonos portátiles

Son moitas as marcas que comercializan telefonos portátiles e esquecen, entre o abano de linguas que ofrecen en pantalla, as “outras” linguas do estado. Con todo, hai casos de modelos que presentan un esquecemento parcial pois dan a opción do catalán pero non do galego. Un deses casos é o modelo HC-800 de Alcatel. Se sodes dos que andades telefonicamente mobilizados, comprobade nos vossos aparellos a oferta lingüística da pantalla e facede-vos oír.

Discriminación lingüística en Aldán Decoración

Esta empresa, que dispón de dúas tendas na cidade de Santiago de Compostela, realizou recentemente un proceso de selección de persoal para cubrir un posto de traballo de dependente ou dependenta destinado á atención ao público no que, lonxe de valorar o uso do galego como un elemento positivo para a relación coa clientela, mantiveron unha

actitude discriminatória coas candidatas e candidatos que utilizaban o noso idioma, tanto na redacción do currículo como na entrevista persoal con unha das propietarias da empresa. Ante a resposta afirmativa cando lles preguntaban se utilizaban habitualmente o galego, a responsábel da empresa manifestaba que iso supuña unha traba para acceder ao

posto de traballo, porque na súa empresa “non se fala galego”.

Non debemos renunciar ao noso idioma

Desde A MESA enviamos-lles unha carta denunciando este comportamento e intentamos reiteradamente, e por distintas vías, pór-nos en

contacto cos responsábeis da empresa, pero estes negan-se a atender as nosas demandas para falar do tema.

Ante o seu silencio, fixemos unha denuncia pública denuncia destes feitos a distintos organismos (Valedor do Povo, sindicatos, etc.) para que se realicen as xestións oportunas.

PARABÉNS

Xabedabadú

Esta tenda de roupa está rotulada 100% na nosa lingua. Acharemo-la na rua de San Roque, 5, de Santiago de Compostela.

Inmobiliária Ronda

En Lugo, na Ronda da Muralla, 25-baixo, e con teléfono (982) 25.40.25, podemos atopar unha imobiliária que se desenvolve en galego con total normalidade.

San Luis

Tanto na súa publicidade como nas múltiples tendas que San Luis ten por toda Galiza (A Coruña, Vigo, Pontevedra, As Pontes, Santiago, Ourense, Lugo, Betanzos ou Ferrol), o galego é a lingua coa que se achegan aos clientes.

Centroxogo

Todo o mundo dos xoguetes se nos presenta en galego a través das tendas da cadea galega Centroxogo en Vigo, Burela, A Coruña, Vilagarcía, A Guarda, Ourense e Lugo.

Expertos da Unión Europea salientaron as actividades da Mesa

No mes de novembro, dentro do programa de visitas de estudo que anualmente organiza a Axencia Europea para as Línguas Menos Estendidas, estivo en Galiza un grupo de expertos de distintas linguas das chamadas *minoritarias* para facer un achegamento á situación do galego. Durante unha semana participaron en máis de vinte visitas e encontros dentro dun programa organizado pola Dirección Xeral de Política Lingüística, no que se incluíu unha visita ao noso local de Santiago. Nese encontro con responsables da nosa organización explicamos-lles cales son os principais campos de traballo e actividades da MESA e fixemos a nosa valoración da situación sociolingüística do país que, segundo eles mesmos comentaron, tiña moi pouco que ver coa "fábula" que lles pintaran.

Tanto na propia visita como no informe posterior que, a xeito de memoria, enviaron á Comisión Europea, destacaron o traballo



desenvolvido pola nosa organización indicando que moitas das nosas iniciativas e campañas poderían servir de exemplo para outras minorías europeas e

que "poderían imitá-las grupos e organizacións de defensa da lingua noutros países", polo que manifestaron a súa intención de presentar-las ás autoridades correspondentes nos seus países de orixe. Pareceu-lles especialmente atractiva unha campaña que A MESA realizou no ano 1995 para chamar a atención pola perda da transmisión xeracional do galego que se constataba coa publicación do primeiro volume do Mapa Sociolingüístico Galego; baixo o lema "Hai cousas que non deben desaparecer nunca" e acompañada da imaxe dunha balea, comparabamos simbolicamente a desaparición da nosa lingua coa das baleas. No informe propoñen-lle á Comisión Europea que actúe como coordinadora na difusión desta campaña da MESA noutras comunidades lingüísticas europeas.

OS COMÉRCIOS DA MESA

Incluimos, como vén sendo habitual nesta sección, algúns establecementos que usan con normalidade o noso idioma e que ofrecen descontos ás sócias e sócios da MESA. Recibimos chamadas de moitos de vós pedindo unha cópia do carné porque xa non o tiñades ou porque vos incorporastes á

MESA recentemente. Como xa vos indicamos neste mesmo boletín, estamos preparando carnés novos que vos han permitir identificar-vos como sócios da Mesa para poder facer uso deste servizo. Esperamos seguir ampliando o número de establecementos que se sumen a esta interesante iniciativa.

COPYPLAN, copistería. Rúa Zamora 62, baixo, Vigo. Tel. 414149.
Desconto do 10%.

TAU. Fotografía. Rúa Coruña, 19, baixo. Vigo. Tel. 233105. Desconto do 10% en material fotográfico e agasallos

IMAXÍN. Enxeñaría Informática. Galeras 13 - 1º, SANTIAGO.
Dto. do 10 % en material ou calquer proxecto informático.

PIZZA-POLO. Casas Reais- SANTIAGO.
Dto. do 5% en pizzas, lasañas, canelóns e espagueti.

OS COMÉRCIOS DA MESA

DESCONTOS
10 %

CASA DOS PEDROUZOS. Turismo Rural. As Noagis. LUGO.
Tel. (982) 36 42 72 / 15 10 61
Dto. do 10%.

ACADEMIA BASE. Rúa Barcelona, 37. A CORUÑA. Dto. do 10% en cursos de oposicións.

FLORES MARUXIÑA. Xeneral Franco. RIBEIRA.
Dto. do 10% en todo tipo de material.

PALAVRA PERDUDA. Música, Papelería. Vista Alegre, 143- SANTIAGO.
Dto. do 5% en música.
Dto. do 10% en papelería.

En Vigo e en galego: a pedir de boca!!

“*En galego: a pedir de boca!*” é un proxecto da MESA para a introdución da lingua galega nas cartas dos mesóns e restaurantes do país. Tivo unha primeira etapa no ano 96; realizárase daquela en colaboración coas Emisoras Municipais Galegas e con Adegas das Eiras e centrárase especialmente na zona de Fene, de onde se estendeu para outras bisbarras do país.

Continuamos agora en Vigo, co soporte económico do Concello e o apoio da Federación Provincial de Empresarios de Hostalaría e da Asociación Empresarial de Hospedaxe da provincia de Pontevedra. A campaña, que foi apresentada en Vigo a finais do ano pasado, inclúe visitas personalizadas aos restaurantes e mesóns da cidade para lles ofrecer a tradución ao galego das súas cartas, acompañada de versión en español e inglés se así o desexan. Ademais, os restaurantes que galeguicen as cartas reciben un autocolante que os identifica como participantes na campaña, un diploma acreditativo e un portamenús.

A campaña ten un grande interese normalizador pois a presenza do galego neste sector é realmente escasa. Esperamos que a campaña sexa un éxito e que poidamos continuar estendendo-a a outras zonas do país.



Nais e Pais polo Ensino en Galego

Os reis magos e o galego

Este Nadal, por sexto ano, volvemos editar cartas aos Reis Magos para que as máis cativas e os máis cativos da casa lles escribiran en galego. Fixemo-lo novamente coa colaboración de Edicións Xerais.

O Colectivo de Nais e Pais polo Ensino en Galego puxo a disposición de asociacións culturais, de nais e pais e comisións organizadoras de cabalgatas de Reis estas misivas. Tamén se distribuíron por diversas librerías e xoguetarías do país.

“Nais e Pais polo Ensino en Galego” dirixiuse ás editoras

Esta sección de nais e pais, ligada á Mesa, considerou a necesidade de dirixirse ás editoras para demandar-lle que os libros de texto e material didáctico (vídeos, programas de computador...) que publiquen non sexan meras traducións doutros textos inicialmente escritos en español, senón que sexan materiais orixinais redactados en Galiza e orientados á nosa realidade.

Tamén lle manifestan ás editoras que a oferta de libros de texto e material didáctico en galego debe cubrir todas as disciplinas, o que permitiría que o número de materias a impartir no noso idioma se incrementase, de cara a unha galeguización total do ensino.

Nais e Pais polo Ensino en Galego dirixíronse tamén aos Movimentos de Renovación Pedagóxica para recabar o seu apoio nesta campaña.

Recollida de datos sobre a situación lingüística nos centros

O Colectivo de Nais e Pais pon en marcha unha campaña de recollida de información sobre a situación do noso idioma nos centros de ensino. Para podermos planificar liñas de traballo,

resulta imprescindible dispoñer de datos reais sobre o uso do galego nos centros, tanto no que se refire á vida administrativa como á actividade académica ou ás relacións persoais.

Por esta razón, precisamos da vosa colaboración desde as distintas perspectivas que conforman o mundo do ensino: pais/nais, alumnado, profesorado ou P.A.S. Incluímos, xunto con este boletín, unha folla para que nos envíedes a información da que dispoñades. Aínda que non é preciso que indiqueades os vosos datos persoais, poden resultar de utilidade para aclarar ou ampliar algunha información.



TOPONÍMIA

A Coruña e Ourense: cada vez máis perto

A Comisión de Administracións Territoriais do Congreso dos Deputados, con competencias lexislativas plenas, aprobou por unanimidade a proposición de lei que lle dá rango de oficialidade á denominación xenuína das provincias da Coruña e Ourense, unha vez que as cidades que lles dan nome xa teñen desde hai 15 anos como única forma oficial a propia. No momento de peche deste boletín só resta que esta proposición se tramite no Senado.



Fóra de xogo

Desde a zona da Arousa, lanzamos unha campaña para solicitar dos presidentes do "Villalonga" e do "Arosa" que promovan os trámites necesarios que posibiliten o cambio de nome destas equipos de fútbol para recuperar as formas auténticas dos respectivos topónimos. Só se require que nunha asemblea se aprobe a modificación dos estatutos no punto referente ao nome da entidade. Un trámite ben simple que non dá chegado. Para contribuir a acelerar o proceso convidamos-vos a que lles enviades os cartóns que vos achegamos con este boletín para lles recordar quen está fóra de xogo no fútbol galego.



Denunciamos erros na toponimia dos carnés de identidade

Hai aproximadamente dous anos, o Ministerio do Interior procedeu á creación dun banco de datos informatizado das entidades de poboación do Estado para falicitarlle ao funcionariado a elaboración dos documentos de identidade. Estes topónimos están codificados con cadanseu número de série, de xeito que a/o funcionaria/o marca o número correspondente e aparece automaticamente o nome da poboación adscrito a ese código, sen que haxa posibilidade de corrixir ou modificar eses nomes que aparecen.

No caso galego, ese banco de datos fíxose sen unha adecuación á toponimia oficial, que é responsabilidade

da Xunta de Galiza. Por esta razón, aparecen formas incorrectas que contradin o artigo 10 da Lei de normalización lingüística, onde se establece como única forma oficial a galega.

Cómpre esixir que se corrixan esas deturpacións

Desde A MESA queremos advertir a todas as persoas que teñan documentos con topónimos deturpados que esta circunstancia pode chegar a ter repercusións legais pois, como xa puidemos comprobar, algúns dos erros detectados poden provocar importantes confusións, á parte do simple feito de que,

á hora de acreditar o seu domicilio, resultará que pertencen a unha localidade oficialmente inexistente.

Lembramos que a Dirección Xeral da Policía ten a obriga de expedir novos documentos gratuitamente cando neles se detecte un erro como o que acabamos de explicar, polo que recomendamos a quen se encontre nesta circunstancia que se dirixa á comisaría correspondente e solicite a corrección do seu documento.

E que fai a Xunta?

Desde A MESA instamos máis unha vez á Xunta de Galiza a que, a través da Comisión de Toponimia, com-

plete o proceso de estudo, fixación e aprobación da nosa toponimia, traballo iniciado xa no ano 1983, pero que está sen rematar, e proceda á supervisión do devandito banco de datos, que debería estar coordinado co traballo desta Comisión.

Neste senso, esiximos tamén a actuación da Delegación do Goberno en Galiza, que debería garantir esta coordinación. Deste xeito, evitariase que centos de galegas e galegos teñan que enfrontar-se de xeito individual á burocracia administrativa para que se vexan recoñecidos os seus dereitos lingüísticos.

APROBOU-SE A NOVA LEI DO CATALÁN

POR FRANCISCO NIEVES, COORDINADOR DA MESA EN BARCELONA

O pasado 30 de decembro o Parlamento catalán aprobou a nova Lei de Política Lingüística que substitúe a Lei de Normalización Lingüística de 1983. Desde que se deu a coñecer o documento inicial, no mes de febreiro, comezaron a xurdir reaccións de distinto tipo entre a cidadanía e os diferentes axentes sociais. Naquel documento inicial establecíase o réxime lingüístico de Catalunya baixo a seguinte dicotomía de oficialidade: o catalán como lingua oficial porque é a lingua propia ou lingua territorial do país e o castellano como lingua oficial porque é a de todo o estado. A diferenza da anterior lei, que intentaba despenalizar o catalán, agora pretendíase facer política de impulso, protección e regulación dos usos lingüísticos a través de iniciativas entre as que podemos destacar as seguintes:

- Respeito polo dereito persoal de elección de lingua, que quedaba garantido en numerosos puntos: o catalán e o castellano, como linguas oficiais, poderían ser empregadas indistintamente en todas as actividades públicas e privadas; o dereito á escolla de lingua correspondería sempre ao cidadán; os poderes públicos establecerían como principio rector o uso libre e normal das dúas linguas e garantirían o seu ensino; etc.

- Vontade de conciliación do respecto á liberdade persoal de uso do castellano co respecto ao dereito colectivo de conservación e fomento da lingua dun pobo, o catalán.

- Vontade de estender o uso do catalán a espazos até hoxe pouco habituais como o xudicial e notarial.

- Vontade de dar resposta e cobertura ante os cambios nas telecomunicacións e na internacionalización de mercados.

- Vontade de inserir o proceso normalizador do catalán no mundo sócio-económico instrumentando-a a través de diversas medidas: establecemento de cuotas de catalán nos medios de comunicación privados ou obrigatoriedade de capacitación e dispoñibilidade lingüística nas empresas e despachos que na súa actividade teñen que atender ao público para garantir o dereito individual de uso do idioma.

- Primacia nos esforzos da Administración para o fomento da lingua catalana mediante accións como a xeneralización do uso do catalán na Administración da Generalitat a través da esixencia de capacitación lingüística a todos os funcionarios ou a obriga de emprego do catalán na comunicación coa Administración para as empresas ou particulares que reciban axudas económicas da Generalitat.

En resumo, a lei tendía a criar un marco xurídico de convivencia das dúas linguas e a ampliar o uso do catalán dentro dun marco de respecto á liberdade da outra lingua oficial.

A pesar disto, xurdiron en seguida os puntos máis quentes da lei: a dispoñibilidade lingüística nas empresas non públicas e as sancións directas, dous dos aspectos que finalmente foron eliminados no texto definitivo.

A polémica que suscitou este documento na sociedade catalana vén demostrar varias cousas:

1.- A lingua catalana, a pesar de ter o rango de lingua oficial que lle outorga a Constitución e

contar co apoio do goberno autónomo, dunha grande parte da cidadanía e das institucións culturais catalanas, dista moito de estar normalizada.

2.- A existencia de grandes bolsas de poboación emigrante é utilizada como coartada por diferentes partidos políticos para rexeitar os avances en materia normalizadora: uns como parapeito das súas ideas, outros por temor a perder poder entre o seu eleitorado.

Logo do proceso de negociación por parte das distintas forzas políticas o contido da Lei sufriu un importante “atemperamento” que, a nivel persoal, a min suscitárame unha serie de reflexións:

- Os países con lingua propia nunca dispoñeremos dunha verdadeira normalización mentres non teñamos o control político pleno; como moito teremos unha normalización “tutelada”.

- O feito sancionador de que a Constitución obrigue a oficialidade do castellano nun país cunha identidade e lingua diferenciadas supón un atranco para o pleno desenvolvemento da lingua territorial.

- O conflito lingüístico nace normalmente de intereses non lingüísticos, e non de problemas de marxinação lingüística ou da falla de autoidentificación non autóctona cos signos diferenciadores do país onde reside.

De feito, pode-se dicir que non se observou unha ruptura da convivencia en Catalunya desde a instauración da anterior Lei. Que dados poden aportar pois os inimigos da normalización que contradigan as seguintes afirmacións?

Non se apresentou de forma masiva un rexeitamento á obrigatoriedade do catalán no ensino e non se acusou un aumento do fracaso escolar propiciado polo descoñecimento do idioma.

Non se produciu un descenso no coñecimento do castellano.

Non se erosionaron os sinais de identidade das persoas nadas fóra de Catalunya; abonda con ver o alto nivel de participación nas actividades organizadas polas entidades culturais foráneas.

Se analizamos con detalle a Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos, aprobada en Barcelona en 1996 por representantes de 90 estados, constatamos que a lei catalana cumpre escrupulosamente co contido do artigo 3 do Título Preliminar no que se establecen os principios conceptuais dos dereitos das minorías lingüísticas e que son plenamente vixentes para as minorías lingüísticas existentes en Catalunya.

Temos que seguir loitando, día a día, paso a paso, para conseguir a maioría de idade das linguas galega e catalana: non imos contar máis que co noso propio esforzo. Se non rachamos a inercia histórica, a desigualdade xurídica e os usos do mercado estamos condenados a relegar as nosas linguas á categoría de “linguas mortas”. Neste sentido, eu pido desde aquí o artellamento dunha plataforma de loita, integrada por organizacións galegas e catalanas, que colabore conxuntamente na defensa dos nosos intereses lingüísticos. Só a estratexia de solidariedade entre os dous pobos pode levar-nos a cotas máis amplas de liberdade.

A LEI DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DE CATALUNYA

POR JORDI SEDÓ I SOLÉ. SOCIOLINGÜISTA

A chamada lei de política lingüística que aprobou o Parlamento de Catalunya o pasado 30 de decembro, como resultado dun debate político intenso e aleccionador para o observador, que tivo a oportunidade de sopesar as distintas sensibilidades de cada unha das forzas parlamentarias nunha cuestión tan absolutamente vertebradora como é a lingua en Catalunya, deu como resultado un texto excesivamente prudente que introduce determinadas novidades a respecto da Lei de Normalización Lingüística de 1983. Entre estas innovacións cómpre citar a introdución de cuotas moderadas nos medios de comunicación e no cinema, a obrigatoriedade da Generalitat de velar pola unidade

do catalán, unha tímida regulamentación da etiquetaxe comercial e da rotulación pública, a esixencia de capacitación lingüística para o persoal ao servizo das administracións e corporacións do país e a consagración do catalán como lingua propia de Catalunya e –agora por lei– do ensino non universitário e como lingua de uso normal nas institucións e en todas as administracións do país, incluída a do estado. Non podemos ocultar, sen embargo, que o texto omite deliberadamente o establecemento de sancións directas, cousa que, en certa medida, convida ao seu incumprimento e achega-o máis a unha declaración de principios que a unha lei propriamente dita; e non podemos ocultar tampouco a vaguidade coa que establece o deber de coñecer o catalán, que non se inclúe no articulado senón no preámbulo e sen dicir de forma directa o que, en realidade, parece pretender. E, sobre todo, non podemos ocultar que, segundo redacción textual, a lei “ten carácter indicativo para os cidadáns e cidadás e só implica obrigas para as administracións e para determinadas empresas no caso de que se considere aconsellábel”.

Graves insuficiencias na nova lei de política lingüística

POR PLATAFORMA PER LA LLENGUA

Desde 1980 até agora, Catalunya definiu dúas leis para a protección do catalán: a primeira, a chamada *Lei de normalización lingüística* de 1983 na que se pretendía tirar ao catalán do gueto propiciado polo franquismo; a segunda, aprobada o 30 de decembro de 1997 co nome de *Lei de política lingüística*, pretende equiparar en igualdade de dereitos e deberes as dúas linguas oficiais de Catalunya: o catalán e o castellano. De facermos unha valoración xeral dos obxectivos das dúas leis, daremo-nos de conta de que o resultado final non é, nen moito menos, o que se pretendía. En liñas xerais, podemos afirmar que é certo que a lei de 1983 tirou ao catalán, en parte, do tobo no que estaba recluído. Posibelmente os seus maiores logros fosen daquela a inmersión lingüística levada a todas as escolas de Catalunya, unha rede pública de comunicación exclusivamente en catalán na rádio e na televisión (CCRTV), a catalanización da administración dependente da Generalitat de Catalunya e tamén a a eficaz campaña en favor da rotulación en catalán das tendas e establecementos comerciais. Con todo, había importantes carencias e o catalán non daba entrada (e se o facía era de maneira testemuñal) en ámbitos decisivos para a catalanización do país como podían ser a etiquetaxe, o cinema ou a xustiza, por citar os máis relevantes. Ademais, non se profundizaba o suficiente nalgúns artigos da lei como o que facía referencia ao ensino e á inmersión lingüística. En resumo, a lei, e tendo en conta as circunstancias sociais e históricas do momento, pasaba cun aprobado moi xusto.

Catorce anos despois da Lei de normalización lingüística, o Parlament de Catalunya (co apoio de todos os grupos parlamentarios sen excepción) ve-se na necesidade de poñer en marcha unha nova lei para garantir a plena igualdade entre o catalán e o castellano e, ao tempo, reforzar tamén o aranés, falado por uns 5.000 habitantes ao noroeste do país. Equiparar en igualdade de dereitos e deberes catalán e castellano era, daquela, o obxectivo da lei de política lingüística. Pero no texto da lei pode-se constatar que este obxectivo non se consegue de todo. Conseguiu-se, por exemplo, que tamén fose un deber para todo cidadán de Catalunya coñecer a lingua catalana (unha das demandas do documento da Plataforma per la Llengua). Sen embargo, non se obriga a etiquetar en catalán todos os produtos comercializados en Catalunya, mentres que a lexislación española obriga a facé-lo en castellano. A diferéncia neste ámbito é considerábel: o castellano impera no 86% da etiquetaxe e o catalán non pasa do 2%. Tampouco se regula o campo do cinema e, hoxe en día, non se poden ver dobrados ou subtitulados en catalán nen sequer o 1% dos filmes que se exhiben nas salas cinematográficas. A pesar da aprobación da nova lei, ninguén lles asegura aos cidadáns de Catalunya que nun xuizo os maxistrados os atendan en

catalán. Por que? Ben sinxelo; porque os maxistrados non están obrigados a saber falar catalán. Pola contra, o castellano é obrigatorio. Tamén aparecen gravísimas desigualdades no campo das novas tecnoloxías, da informática e dos medios de comunicación. Non hai cuotas de catalán para as canles de televisión privadas e públicas de fóra de Catalunya que emiten aquí, non hai cuotas para a televisión por cable e non se regula (só se potencia) que todos os programas de ordenador estexan a disposición do consumidor tamén en catalán. Esta nova lei que parecía tan maravilhosa non cumpre, cando menos no texto, os obxectivos de equiparar en dereitos e deberes as dúas linguas oficiais de Catalunya. A isto podemos engadir-lle que parte da lei non se cumpre na súa aplicación. Todo xunto fai que sexa unha lei con graves insuficiencias.

**CATALÀ,
una llei sense
sancions és
abaixar-se els
pantalons**

Por outra banda, a Plataforma quere facer constar tamén a irresponsabilidade, o egoísmo e a frivolidade coa que se comportaron certos sectores ou partidos políticos ante un tema tan delicado como é a lingua. Algúns partidos, como agora o PSC, xogaron durante o debate lingüístico a "hoxe digo branco e mañá negro", segundo lles conviñese por estratexia política. Outros, como o PP, foron totalmente irresponsábeis, hipócritas e incomprendivos coa necesidade desta nova lei. Isto pode estender-se tamén a entidades que practican o auto-ódio e/ou o colonialismo lingüístico como o nefasto Foro Babel (que quere romper a convivencia lingüística de Catalunya con manifestos hipócritas, cínicos e cheos de mala intención) ou a xa clásica CADECA, impulsada por don Alejo Vidal-Quadras. Tamén denunciamos o egoísmo dunha grande parte dos empresarios españois, cataláns e mesmo europeos que, de maneira ruín, utilizaron

demagógicamente escusas de falsas perdas económicas.

Desde a Plataforma per la Llengua intentamos influír o máximo posíbel e dunha maneira constante na nova lei de política lingüística, para que non se producisen rebaixas e para que fose como deus manda, quer dicir, como unha lei normal e corrente que estableza cuotas, regulacións e sancións en todos os seus artigos. Desgraciadamente non sempre se conseguiu. Queríamos unha lei que equiparase en igualdade de dereitos e deberes o catalán e o castellano. É certo que se avanzou a respecto da lei de 1983 (feito moi loábel), pero o paso é insuficiente e aínda non se consegue a igualdade desexada. Unha lei de política lingüística non se fai todos os días, e por iso cremos que se acaba de perder unha oportunidade histórica de acabar dunha vez por todas coa desigualdade xurídica, social, política, etc. da lingua catalana a respecto doutras linguas. Unha posíbel solución para mellorar de maneira considerábel a lei son os decretos que dicte o goberno. E a Plataforma non vai desaproveitar esa posibilidade...

Mentres que no caso da Lei de Normalización Lingüística de 1983, agora substituída por esta, foi posíbel conseguir un consenso absoluto das forzas políticas daquel momento, nesta ocasión non ocorreu o mesmo, xa que un sector do arco parlamentario se manifestou disconforme co texto e optou polo voto negativo. Entendo que a leitura que se debe facer deste fenómeno desde unha análise inspirada na vontade de facer avanzar a lingua desta terra non debe ser negativa de todo, xa que, a diferéncia do ocorrido en 1983, houbo agora unha forza política (ERC) capaz de manifestar o seu rexeitamento dun texto insuficiente que, máis unha vez, condena a lingua catalana á subordinación e situa-a nunha posición non igualitaria a respecto do castellano.

Con todo, cómpre dicir que o 80% dos parlamentarios cataláns (CIU, PSC, IU e PI), facendo gala dun posibilismo irresponsábel e covarde, agacharon a cabeza e deron-lle a súa aquiescencia a unha lei que non pode tirar ao catalán da súa situación de inferioridade e que impedirá,

en cambio, que durante uns anos sexa posíbel promulgar o novo texto legal ousado e desacomplexado que precisa a comunidade catalano-parlante. É evidente que non se pode esquecer a actitude combativa do PP que, case desde o principio das negociacións, non dubidou en manifestar a súa oposición frontal á lei por considerá-la excesivamente atrevida e supostamente conculcadora dos dereitos individuais dos castellano-parlantes que viven no noso país, nunha actitude descaradamente demagóxica e claramente enfrontada coa opinión amplamente maioritaria da poboación.

É preciso pois facer votos para que todos os países que viven situacións diglósicas semellantes á que vive Catalunya aprendan dos erros e das mesquindades dos nosos políticos e non renuncien a reclamar en voz alta e coa cara descuberta as máis elevadas cuotas de dignidade e recoñecemento para a cultura que lles permitiu chegar a ser o que son.